

LINGUA GALEGA

Texto:

O dramaturgo suízo Friedrich Dürrenmatt opinaba que é triste vivir nunha época na que hai que loitar polas cousas evidentes. Pero, aínda que a intención da frase vai dirixida para eses momentos históricos de tiranías absolutas, a súa literalidade moveríanos a estar permanentemente tristes, porque polo menos hai que estar atentos sempre a posíbeis atentados contra os dereitos elementais e contra a dignidade cidadá. Vimos dunha etapa de progresión democrática e social en Europa, de maior ou menor duración segundo as zonas, pero entre sesenta e vinte anos, aproximadamente. O suficiente como para pensar que estaba consolidado un determinado modelo de sociedade libre e equilibrado.

Agora vivimos outra etapa de descomposición da convivencia, máis sutil que aquel estoupido bélico, pero non menos implacábel nos seus resultados. Baixo o manto da crise especulativa e financeira, asistimos a un deterioro progresivo de dereitos que se consideraban evidentes e que cada vez son máis cuestionados con argumentacións que falan de necesidade, pragmatismo, eficacia, rendibilidade, reformas e (sobre todo) austeridade, sen que o ciudadán medio acerte a encaixar eses criterios coa realidade das perdas de emprego, salarios, prestacións e dereitos que sospeita que non se **van recuperar** xamais.

Pode que non houbera un plan preestablecido, que todo vaia sendo a consecuencia de conxuncións entre o azar especulativo e as necesidades dos poderes (económicos e políticos, ideolóxicos en suma), pero, pouco a pouco, **van caendo** conquistas que algunha vez se tiveron por irreversíbeis, como a representación sindical, os servizos públicos universais e gratuítos (sanidade, educación, xustiza...), ademais de postos de traballo, vivendas, cultura, ocio. Por non falar de idioma propio (en Galicia, por exemplo, cada vez menos galego no ensino e na rúa), non sexa que alguén fale de nazis perseguindo a nenos castelanfalantes como a xudeus camiño da cámara de gas.

E aínda que en todas as épocas hai que defender as cousas evidentes, si é certo que é moi triste ter que loitar por elas.

(Xosé A. Gacío, *Galicia Hoxe*, 15.12.2012)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *evidentes, tiranías, dignidade, deterioro, cidadán medio* (1 punto).
2. Faga un esquema coas ideas principais e as ideas secundarias do texto (2 puntos).
3. Escriba polo menos tres derivados de cada unha das seguintes palabras: *triste, ano, pensar, libre, traballo* (1 punto).
4. No texto aparecen as perífrases verbais (destacadas en letra negra) *van recuperar* (l. 15) e *van caendo* (l. 19). Explique as diferenzas de significado que existen entre ambas as dúas e logo escriba polo menos outras tres perífrases con infinitivo e outras tres con xerundio (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).